

## LOCALIZACIÓNS XEOGRÁFICAS

### Ana Acuña

Os avatares da vida de Virxinia Pereira Renda non permiten mostrar un listado pechado de localizacións, por tanto, presentamos unha versión provisional e agradecemos calquera dato, comentario ou suxestión que nos permita completala.

**Lugo:** 190? Estadía de 9 meses durante a mocidade de Virxinia.

**Santiago de Compostela:** 1905? Virxinia visita á irmá Sara e ao cuñado Alfredo. Será nestas viaxes cando coñece a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

**Pontevedra:** 1911? Probablemente Virxinia visita a outra imá, casada recentemente, en Pontevedra.

**Rianxo:** 1912 tras o casamento na Estrada, Virxinia e Castelao viven en Rianxo.

**A Estrada:** 1914 Virxinia trasládase á casa familiar para dar a luz preto da nai.

**Pontevedra:** 1916 o matrimonio reside na cidade do Lérez debido ao traballo de Castelao.

Veráns na Estrada, Etribela e Praceres (preto de Marín), Rianxo, Cotobade, Vigo con motivo de visitas familiares ou de mellorar a saúde do fillo.

**Rianxo:** durante un mes de 1918 e durante a pandemia da gripe, Virxinia acompaña a Castelao cando este axuda cos seus servizos de médico.

Visitas a Vigo por tratamentos oftalmolóxicos de Castelao.

**Pontevedra:** 1918 Virxinia e Castelao regresan á residencia pontevedresa.

**Vigo:** 1921 Virxinia reside na casa da irmá durante a viaxe de Castelao ao estranxeiro durante 10 meses.

**Rianxo:** 1928 en agosto e setembro, Virxinia e Castelao visitan os pais deste.

**Vigo:** 1928 durante un mes, é posible que a parella resida na casa da familia de Virxinia mentres Castelao recibe tratamento oftalmolóxico.

**Rianxo:** 1929 Virxinia e Castelao visitan os pais deste antes da súa segunda viaxe.

**Vigo:** 1929 durante marzo ou abril, con motivo do tratamento oftalmolóxico de Castelao, o matrimonio reside días na casa da irmá e cuñado de Virxinia.

**Bretaña:** dende o 23 de marzo 1929 ata agosto (4 meses) a parella viaxa a Bretaña (pasan por Madrid, Paris...). Virxinia acompaña a Castelao nesta segunda viaxe.

**Vigo:** 1 de setembro de 1929 ao regreso da viaxe, Virxinia e Castelao visitan a familia dela.

**Pontevedra:** 2 de setembro de 1929 Virxinia e Castelao volven ao seu fogar pontevedrés.

**Santiago de Compostela:** 1930 consulta médica de Virxinia.

**Madrid:** 1931, 1932 Virxinia acompaña a Castelao como deputado. É de supoñer que Virxinia se despraza en diversas ocasións ata 1936.

**Vigo:** novembro 1934 Virxinia reside na casa da irmá durante o desterro de Castelao en Badaxoz.

**Pontevedra:** nadal de 1934 é posible que a parella pasase o nadal no fogar pontevedrés.

**Elvas (Portugal):** 1934 probable visita de Virxinia, na compañía de Castelao durante o desterro deste.

**Porto:** do 1 ao 5 de abril 1935 Virxinia asiste con Castelao á Semana Galega de Porto.

**Badaxoz:** 1935 Virxinia instálase con Castelao en Badaxoz durante 3 meses.

**Sevilla:** 18 e 19 de abril de 1935 a parella pasa a Semana Santa nese lugar andaluz.

**Mérida:** 3 de xuño de 1935 a parella visita a histórica vila.

**Pontevedra:** vacacións en xullo de 1935 no fogar pontevedrés.

**Ourense:** 1935 Virxinia e Castelao visitan a R. Otero Pedrayo de volta do desterró.

**Bruxelas:** setembro de 1935 acoden á exposición universal (previo paso por París e Lourdes).

**Pontevedra:** 1935 regreso da parella ao fogar pontevedrés.

**Madrid:** finais de xuño de 1936, Virxinia acompaña a Castelao con motivo do Estatuto de Autonomía.

**Barcelona:** 1936-37 Virxinia e Castelao desprázanse tras o levantamento militar e dada a implicación política do home.

**Valencia:** 1936/37 Virxinia viaxa con Castelao.

**Unión Soviética:** abril a maio de 1938, durante 22 días, Virxinia Pereira comparte con Castelao a súa misión artística e cultural (vía París e Londres).

**Barcelona:** 1 de xuño, o matrimonio regresa á España republicana.

**Estados Unidos:** xullo de 1938, Virxinia comparte a viaxe con Castelao nunha nova misión, agora para recadar fondos (saen o 4, van vía París, e chegan o 26 de xullo).

**Cuba:** 11 de novembro 1938-25 de febreiro de 1939, Virxinia Pereira acompaña a Castelao na misión de recadar fondos.

**Nova York:** 25 de febreiro 1939-1940, Virxinia e Castelao continúan a misión nunha segunda xeira.

**Bos Aires:** 16/7/1940 (con escalas en Montevideo, México, Alxer) a parella residirá na capital arxentina ata a fin dos seus días.

**Uruguai (Montevideo):** 1940 Virxinia acompaña a Castelao.

**París:** 1946-1947 Virxinia desprázase con Castelao, como ministro sen carteira, (viaxe por mar a finais de xullo con paradas en Marsella, Alxeria, Dakar, Montevideo).

**Bos Aires:** 1947 o matrimonio regresa á capital arxentina tras o infortunio en París.

Vacacións e descanso en Rosario en 1947 e Mar del Plata en 1960 e 1961.

**Galicia:** 1962-1963 (con escalas en Madrid e Salamanca para visitar a familia). Morto Castelao, Virxinia reclama a súa herdanza e visita a familia. Desprazamentos a Compostela, A Estrada e Lugo.

**Bos Aires:** regreso ao fogar arxentino.

**Galicia:** 1964 (con escalas en Madrid e Salamanca para visitar a familia). Virxinia instálase na Estrada e percorre Vigo, Pontevedra. Acordo co Museo de Pontevedra arredor do legado de Castelao e visitas familiares.

**Bos Aires:** regreso ao fogar arxentino.

**Galicia:** 1966 (con escalas en Madrid e Salamanca para visitar a familia). Virxinia instálase temporalmente na Estrada e viaxa a Compostela, Lugo, Viveiro e Coruña para visitar amizades e familiares.

**Bos Aires:** regreso ao fogar arxentino.

**Galicia:** 1968 (con escalas en Madrid e Salamanca para visitar a familia). Virxinia é homenaxeada en Sada e tamén se reúne con familiares e amizades na Estrada.

**Bos Aires:** regreso ao fogar arxentino.

**Galicia:** 1969 (con escalas en Madrid e Salamanca para visitar a familia). Virxinia viaxa a Compostela, Viveiro, Cervo e A Estrada. Reside na súa vila natal e visita amizades e familiares.

**Madrid:** 1969 Virxinia Pereira falece nesta capital o 23 de decembro. Acompañarana familiares e madrigalegos e madrigalegas.